



RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE XANEIRO DE 2010

Ás 12.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

Antes de comezar cos puntos da orde do día desta sesión, o Sr. Reitor amosa o pesar da Universidade da Coruña polo finamento do Sr. Abalde Paz, profesor da Facultade de Ciencias da Educación. Aproveita tamén para comunicar que será convocada unha sesión ordinaria do Consello de Goberno para a segunda semana de febreiro.

1. Propostas de programa de doutoramento

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno das dúas propostas de programa de doutoramento, que figuran no [anexo II](#) e que foron presentadas polo Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación e polo Departamento de Enxeñaría Industrial II. Remata sinalando os pasos que se deben seguir a continuación, de cara á súa implantación en caso de seren aprobados por este Consello de Goberno.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbanse por asentimento as dúas propostas de programa de doutoramento.

2. Premios extraordinarios de Fin de Carreira

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, que informa dos premios extraordinarios de Fin de Carreira que figuran no [anexo III](#) e que ascenden a un total de 37. Remata a súa intervención sinalando que houbo que abrir un novo prazo por causa de que nalgúns centros non había solicitudes formalizadas, que é unha das razóns que xustifican esta convocatoria extraordinaria do Consello de Goberno, pois hai que proceder á súa aprobación para a súa entrega formal mañá día 28 de xaneiro, en que se celebra a festividade do Día da Universidade.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento a relación de premios extraordinarios de fin de carreira.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h.